

## ACTA Nº 26/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 8 DE XUÑO DE 2009**

#### **Asistentes:**

##### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D. Valentín Piñeiro González  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 8 de xuño de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 25/09, do 01/06 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.A) EXPTE. 65/09 – D. MARCIAL GAYO CHAPELA** presenta estudo técnico para cambio de tella, sita na Avda. de Marín nº 238, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimérans Gallego, visado na data 31 de marzo de 2009. Superficie construída da cuberta 124,63 m<sup>2</sup>; orzamento das obras: 6.045,80 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza** das obras de definidas en proxecto.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa do Servizo de Estradas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na restauración parcial dunha cuberta con cambio de tella previa colocación de planchas asfálticas onduladas, colocación de canalóns e baixantes de augas pluviais e pintado dos voos de cuberta.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....	169,28 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

**2.B) EXPTE. 104/09 – D. JUAN LUIS RÍOS GONZÁLEZ** presenta estudo técnico para reparación de cuberta e ampliación de oco de fachada en vivenda unifamiliar, situada na rúa Barreiros, núm. 61, do barrio de Ribeira, Meira, Moaña, de conformidade co proxecto presentado redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o día 19.05.09,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza** das obras de definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na restauración dunha cuberta reparándoa pola filtración de humidades debido a movemento de tellas, así como a ampliación dun oco para incrementar superficie de ventilación e iluminación.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....152,33 €  
Taxas licenza urbanística.....65,00 €  
Cartel de obra.....110,00 €

**2.C) EXPTE. 109/09 – D. MANUEL RÍOS GONZÁLEZ** presenta estudo técnico para substitución de tella en cuberta existente de vivenda unifamiliar, situada no barrio de Verdeal núm. 47, Domaio, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Raul Rey Fandiño, visado o día 02.06.2009.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 3 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza** das obras de definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outógase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na restauración parcial dunha cuberta con cambio de tella plana existente por planchas de paneis sandwich fixados á estrutura de madeira existente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións ..... 83,50 €  
Taxas licenza urbanística.....65,00 €  
Cartel de obra.....110,00 €

**2.D) EXPTE. 78/09 – D. FERNANDO MIRANDA CALVAR** presenta proxecto de conservación de cuberta de vivenda unifamiliar, sita na Avda. de Cangas núm. 159, do barrio do Con – Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 16.04.2009.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 5 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización do Servizo de Estradas de Pontevedra.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais coa colocación de planchas onduladas de fibrocemento e substitución da tella en mal estado; manterá o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....	192,51 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

**2.E) EXPTE. 150/03 – DONBLAN, S.L.**, solicita a construción dunha rampla de acceso a parcela no lugar da Borna-Palmás, parroquia de Domaio.

O día 27 de maio de 2009 recíbese notificación do Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Resolución do 21 de maio de 2009 sobre a solicitude de autorización da Comunidade Autónoma en solo rústico para a construción dunha rampla de acceso a parcela no lugar da Borna-Palmás, en execución da sentenza nº 278/2008 ditada pola Sala do contencioso-administrativo do TSXG.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 3 de xuño de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** CONSTRUCCIÓN DUNHA RAMPA DE ACCESO A PARCELA.

**INFORME:** Procede licenza para a construción dunha rampla de acceso a parcela.

A presente obra foi inicialmente denegada a súa licenza en Xunta de Goberno Local de 16/02/04 en función da resolución de 15 de febreiro de 2004 da Comunidade Autónoma en base a que se trataba dun novo camiño prohibido polo Artigo 35.1 da LOUGA; resolución confirmada en recurso de alzada. Pola súa banda, o Xulgado contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra dicta a sentenza 33/2005, que estima o recurso interposto contra a resolución denegatoria da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e recoñece o dereito o recorrente de obter a autorización de rampla de acceso a vivenda. En data 10 de abril de 2008 a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal

Superior de Galicia, en sentenza declarada firme, estima o recurso interposto e anula a devandita resolución.

En consecuencia, a vista dos fundamentos xurídicos expresados na notificación, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras resdolve conceder a Donblan, S.L. Autorización da Comunidde Autónoma para usos e actividades constructivas en solo rústico dunha rampa de acceso a vivenda existente na parcela de 8.612 M/2 de superficie, no lugar da Borna-Palmás. Domaio.

### **3.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE**

Visto o expediente instruído a instancia do interesado e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE. 105/09 – GUANGBIAO YANG** presenta proxecto de acondicionamento de local para uso comercial polo miúdo de artigos de menaxe (epígrafe 653.3), situado na rúa Concepción Arenal, núm. 162, baixo, do barrio da Praia, de conformidade co proxecto presentado, redactado por AR UR MO (Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P.), sendo o arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado o día 26.05.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de xuño de 2009, que literalmente di:

OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE  
NON CLASIFICADA DESTINADA A COMERCIO.

#### **INFORME:**

Procede licenza urbanística de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL e LICENZA DE ACTIVIDADE para COMERCIO POLO MIUDO DE ARTICOS DE MENAXE en peza simultánea consonte determina o Artigo 196.2 da Lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Uso compatible cos determinados pola ordenación urbanística zonal.

O abeiro no disposto no Artigo 22.3 do decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e dado a que con arreglo o proxecto de obra presentado para o acondicionamento do inmovible destinado as características determinadas refrendadas pola ordenación de usos, débese conceder o permiso de obras se o outorgamento da licencia de apertura non resultase improcedente.

Ordease o arquivo provisional do expediente no servizo correspondente de aperturas en tanto non se resolva a licenza de apertura para o funcionamento da presente actividade.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construcción.....	783,76 €
Taxas licenza urbanística.....	69,98 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Taxas licenza apertura .....	350,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

**PRIMEIRO:** Outorgar licenza de actividade que solicita D. GUANGBIAO YANG para a actividade de COMERCIO POLO MIÚDO DE ARTIGOS DE MENAXE.

**SEGUNDO:** Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA DESTINADA A COMERCIO. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

**TERCERO.-** Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar o interesado, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

### **4.- DENEGACIÓN DE LICENZA**

**EXPTE. DE OBRAS 242/07** – D. GONZALO CANCELAS GIL presenta proxecto de movemento de terras (abancalamiento para acondicionamento de terreo, sito no barrio de Carballido, s/n, Domaio-Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado na data 16.10.2007.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 21.01.08 aprobouse, por unanimidade das persoas asistentes, o informe do aparelador municipal no que se propoñía que se proseguise co procedemento determinado polo art. 41 da Lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural, para os efectos de que se pronuncie a autoridade urbaística da Comunidade Autónoma.

Con data de entrada no rexistro do Concello do 27 de maio de 2009, recíbese notificación do Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Resolución do 21 de maio de 2009 pola que se denega a D. Gonzalo Cancelas Gil autorización da Comunidade Autónoma para usos e actividades construtivas en solo rústico.

Visto o informe do aparellador municipal do día 2 de xuño de 2009, que textualmente di

**ASUNTO:** MOVEMENTO DE TERRAS

**INFORME:**

Non procede licenza por resultar denegada en resolución de 21 de maio de 2009 sobre a solicitude de autorización previa da Comunidade Autónoma en solo rústico para o movemento de terras, acordo que traslada a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparellador municipal.

## **5.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. Ricardo Macey Rúa en representación de CONSTRUCCIONES MAR DE MOÑA, S.L., SOLICITANDO Licenza de primeira ocupación para edificio de planta soto, baixo comercial, catro plantas e baixo cuberta para tres vivendas e dous duplex situado na rúa Concepción Arenal, nº 72, (pertencente á licenza de obra Expte. nº 151/2006, concedida pola XGL en sesión de data 23.10.2006).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 8 de xuño de 2009 que di:

**ASUNTO:** SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

**INFORME:** **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

- Copia do recibo da taxa de liquidación pola Licenza de primeira ocupación e copia da licenza de obra.
- Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 16 de febreiro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 19 de febreiro de 2009; asinado polo arquitecto D. José Díaz de

la Iglesia o día 16 de febreiro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 27 de febreiro de 2009.

- Certificado de illamento acústico a ruído aéreo entre locais, illamento acústico a ruído de impacto e illamento de fachadas, expedido pola empresa de medicións en contaminación acústica homologada, PLASTONE, S.L.

- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Licenza primeira ocupación ..... 570,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para edificio de soto, baixo comercial, 3 vivendas e 2 dúplex dimanante da licenza en Expte. nº 151/2006, á súa promotora CONSTRUCCIONES MAR DE MOAÑA, S.L., representada por D. Ricardo Macey Rúa, nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

## **6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

Visto o escrito remitido polo *Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino* – Servizo provincial de Costas de Pontevedra ante a solicitude de autorización para levar a cabo obras de adecuación que permitan o acceso público a praia ubicada no Concello de Moaña realizada por D. José Luis Vérez Fraguela,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 2 de xuño de 2009, que literalmente di:

Ante a solicitude do Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino, **registro de saída 92/879, N/REF: CPC/mc.**, ante a petición formulada por JOSE LUIS VÉREZ FRAGUELA, interesado en levar o cabo obras de acceso o mar, este Concello de Moaña ten a ben informar en interese da resolución que se derive que o solo onde se pretende implantar a instalación solicitada trátase dun solo especialmente protexido que se corresponde coa Ordenanza 12 de conservación e protección de costas e praias determinada no documento de Revisión e Adapatación das NN.SS. De Planeamento Municipal actualmente vixentes, cuestión que en aplicación do Artigo 52.2 do Regulamento da Lei de Costas, inviabiliza a presente petición.

Asemade o Artigo 32.2.e) da Lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia califica este solo de rústico especialmente protexido de costas, e a tenor do Artigo 35.1 da mesma Lei prohibe a apertura de novos camiños ou pistas en solo rústico que non estean expresamente recollidas no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordeación do territorio, agás os camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de montes ou de **medio ambiente** ou aqueles que obtiveran a correspondente autorización autonómica de conformidade co disposto no Artigo 41 da mesma Lei.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.**

## 7.- PROPOSTA DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 e outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
CULTURA	Subministro libros para biblioteca e axencias municipais de lectura	LIBRARÍA O PONTILLÓN – Benxamín Riobó Sanluis	4511-62500 RC 916	3.000,00 €
XUVENTUDE	Subscripción Faro de Vigo Casa da Mocidade	KIOSCO MANOLITO – Francisco Riobó Barcia	4513 22001 RC 917	140,00 €
MEDIO AMBIENTE	Recheo e extendido de terras con sementeira posterior no vertedorio municipal	SILVAREIRA, S.L. SERVICIOS FORESTAIS, S.L.	4420 21000 RC 918	1.392,00 €
SERVIZOS	Subministro de prantas para xardíns	VIVEROS ADOA	4321 22109 RC 919	405,27 €
SERVICIOS	Vestiaro para persoal de servizos	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	5110 22104 RC 923	1.263,24 €
		PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	5110 22104 RC 921	2.483,15 €
		SERIPROTEC	5110 22104 RC 924	776,63 €
SERVIZOS	Vestiaro para persoal centros escolares	MIGUEL SPORT I	4220 22104 RC 920	318,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

## 8.- APROBACIÓN DE COMPENSACIÓN DÉBEDAS DE UNIÓN FENOSA

Visto que o Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, de 20 de xullo, prevé a posibilidade de compensación de débedas a favor da facenda local cos créditos recoñecidos pola mesma a favor do debedor en virtude de acto administrativo:

Visto que a entidade UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. é debedora da facenda municipal en concepto de liquidación de taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local do mes de decembro de 2008, na cantidade de 4.883,42 euros.

Visto que nesta data a citada entidade ten recoñecido ao seu favor obrigas pendentes de pago por importe superior ao dos dereitos liquidados pendentes de ingreso.

Visto que a entidade solicitou, por escrito con entrada no rexistro do Concello o día 5 de maio de 2009, a compensación das liquidacións tributarias coa facturación de subministro de enerxía eléctrica do mes de decembro de 2008.

Visto que no informe da tesoureira municipal do 8 de xuño de 2009 -ademais dos antecedentes e os fundamentos xurídicos reflectidos nel- se indican as obrigas e dereitos recoñecidos susceptibles de compensación:

DEREITOS RECOÑECIDOS		OBRIGAS RECOÑECIDAS PARA COMPENSAR	
CONCEPTO	CRÉDITO IMPORTE	CONCEPTO	IMPORTE
Nº: 2009-94-0	<b>4.883,42 €</b>	FACTURAS FENOSA Nº:	20,56 €
Taxa por aproveitamentos especiais decembro 2008			9,38 €
		2408122171545	410,91 €
		2408122178160	454,55 €
		2408121087243	41,86 €
		2408121098778	487,89 €
		2408122173674	582,23 €
		2408123000071	354,28 €
		2408123000092	248,62 €
		2408123000144	8,85 €
		2408122161095	129,14 €
		2408122161096	78,08 €
		2408122174768	886,39 €
		2408122161097	303,28 €
		2408123000096	137,96 €
		2408123000097	17,64 €
		2408122164297	46,55 €
		2408122190845	64,33 €
		2408122190846	31,14 €
		2408122190847	16,87 €
	2408122190848	107,55 €	
	2408122190849	273,92 €	
	2408123011487	107,05 €	
	2408121098760	85,23 € (compensación parcial por 64,39 euros)	
	2408121070183		
	2408122161430		
		<b>TOTAL: 4.883,42 €</b>	

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**PRIMEIRO:** a compensación dos dereitos liquidados en concepto de taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local do mes de decembro de 2008-, coas obrigas recoñecidas por este Concello a favor de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. en concepto do subministro de enerxía eléctrica de decembro de 2008, polo importe de 4.883,42 € .

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.

**TERCEIRO:** Notificar o presente acordo á Intervención e á Tesourería municipal.

## **9.- AXUDAS EXTRASANITARIAS**

**9.A)** D.<sup>a</sup> Ángeles Cabeiro Dopico, traballadora laboral do Concello, solicita axuda extrasanitaria para a adquisición dunhas gafas para o seu fillo segundo o convenio de persoal laboral, e achega factura por importe de 285 euros, informe facultativo e demais documentación requirida no artigo 25 do convenio.

Visto o informe favorable do interventor do 5 de xuño de 2009, que cuantifica a axuda en 42,50 euros para a montura (50% do gasto xustificado) e en 200 euros para os lentes,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga a favor de Ángeles Cabeiro Dopico, por importe de 242,50 euros, con cargo a partida 1210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

**9.B)** D. Ángel M. Paramós Corrales, traballador laboral do Concello, solicita axuda extrasanitaria para a implantación de prótesis bucais, segundo se recolle no convenio de persoal laboral, e achega informe médico, dous orzamentos e factura por importe de 6.130 euros.

Visto o informe favorable do interventor do 8 de xuño de 2009, para a concesión a D. Ángel Paramós dunha axuda extrasanitaria por importe de 420,71 euros, límite máximo de axuda para soportar os gastos derivados da realización de prótesis bucais que se recolle no convenio colectivo do persoal laboral,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga a favor de D. Ángel M. Paramós Corrales, por importe de 420,71 euros, con cargo a partida 1210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

**9.C)** D.<sup>a</sup> Carmen Casás Cordeiro, traballadora laboral temporal do Concello, solicita axudas extrasanitarias de acordo co convenio colectivo do persoal laboral, por importe de 105 €, e achega informe facultativo e as correspondentes facturas.

Visto o informe do interventor do 5 de xuño de 2009, que cuantifica a axuda en 105,00 euros (100% da contía xustificada: 70,00 € e 45,00 € segundo as facturas emitidas por empastes), e no que indica que a pesar de non cumprir a solicitante o literal da condición establecida no convenio de ter asinado un contrato de traballo con duración igual aou superior a 12 meses, o feito é similar ao que condeou ao Concello a pagar axudas a estudos a empregados públicos que inicialmente tiñan contratos laborais de duración inferior a 12 meses.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga a favor de D.<sup>a</sup> Carmen Casás Cordeiro, por importe de 105,00 euros, con cargo a partida 1210.16204 RC 925, en concepto de axuda extrasanitaria.

## **10.- AXUDA PARA OS ESTUDOS DE FILLOS DUN TRABALLADOR LABORAL DO CONCELLO**

Vista a solicitude de D. Julio Veiga Moreira, no que solicita axuda para os estudos das súas fillas establecidas no convenio do persoal laboral do Concello, achegando a documentación xustificativa,

Visto o informe de Intervención de data 5 de xuño de 2009, solicitado polo departamento de persoal, no que informa favorablemente o pagamento das axudas solicitada na contía mínima (210,35 euros) recollida no Convenio para cada matrícula universitaria, e deixa constancia da falta de eficiencia na xestión dos fondos públicos

que deriva da aplicación do disposto no convenio colectivo do persoal laboral, xa que ante a existencia dun gasto xustificado de 42,62 euros o importe da axuda prestada polo Concello será de 420,70 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a axuda solicitada para os estudos das fillas do traballador D. Julio Veiga Moreira, na contía de 420,70 euros (210,35 euros para cada matrícula universitaria), con cargo á partida 1210-16204 RC 928.

## 11.- APROBACIÓN DO PLAN DE EXPLOTACIÓN DE TERRAZAS E CHIRINGOS EN DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

Vista a resolución do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra de data 4 de xuño de 2009, polo que se aproba as ocupacións temporais do dominio público marítimo terrestre solicitadas polo Concello de Moaña para as instalacións que figuran no expediente polo período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2009,

Vista a proposta de aprobación do Plan de Explotación de Servizos de Temporada para o ano 2009 para que, unha vez aprobado, a Tesourería municipal lle liquide a cada solicitante o canon de Costas –que se lle transferirá unha vez recadado- e a fianza municipal, dándolles o prazo establecido; e vista a proposta de engadirlle ao Plan a solicitude de D. José Antonio Rodríguez Seoane (Bar Moaña) para a instalación dunha terraza de 14 m2 achegada fóra de prazo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a liquidación presentada por Costas e poñer ao cobro a cantidade de 5.670 euros en concepto de canon e 3.780 euros en concepto de fianza, de acordo coa relación incluída no expediente e trasladar o acordo á Recadación municipal:

INSTALACIÓN/PRAIAS	UNIDAD ES	SUPERFICIE	TOTAL M2	€/M2/UNIDADE	CANON €	FIANZA €
SAMERTOLAMEU						
Terraza “Bar Canario”: D.ª Yolanda Santiago Perez	1	10	10	30	300	200
XUNQUEIRA						
Quiosco D.ª Magdalena Campos Santiago	1	20	20	30	600	400
Terraza D.ª Magdalena Campos Santiago	1	30	30	30	900	600
XUNQUEIRA- SAMERTOLAMEU						
Quiosco D. Juan Maya Cancelas	1	12	12	30	360	240
Terraza D. Juan Maya Cancelas	1	30	30	30	900	600
r/ CONCEPCIÓN ARENAL						
Terraza “Fox”	1	15	15	30	450	300

D. Antonio Xose Abuin Escaloni						
Terraza "Orensana" D.ª Ana Maria Rodriguez Pazos	1	24	24	30	720	480
Terraza "Vaticano" Nomi y Moi CB (D. Moisés Verdeal Martínez)	1	15	15	30	450	300
Terraza "Cofradía Pescadores" D. Jose Antonio Verde Vieira	1	20	20	30	600	400
Terraza "Xardín" D.ª Melania Pena sequeiros	1	6	6	30	180	120
Caseta sandía D. Pablo Martinez Alvarez	1	7	7	30	210	140
<b>TOTAL CANON</b>					<b>5.670</b>	
<b>FIANZAS</b>						
Quioscos/terrazas			189	20		<b>3.780</b>

Segundo: Solicitar a ampliación do Plan de Explotación incluíndo o Bar Moaña (14 m2) na rúa Concepción Arenal e dar traslado a Costas da solicitude.

## **12.- AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE ELEMENTOS PUBLICITARIOS**

D. Xosé Bangueses García, na súa calidade de presidente da Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo, expón que para seguir publicitando as campañas e actividades que desenvolven están valorando a posibilidade de instalar diversos elementos identificativos: unha torre temporal –no contorno da Alameda da Seara- para a celebración de Alternalia 09 e dous monolitos de carácter publicitario permanente nos que instalar as campañas que se vaian deseñando durante o ano. Solicita a autorización necesaria para a instalación de ditos elementos e achega plano de localización da torre e fotografías sobre a instalación dos monolitos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a autorización dos elementos publicitarios solicitados.

## **13.- ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. CURSO 2009-2010**

Vista a proposta do 8 de xuño de 2009 do director da Escola Municipal de Música, sobre a convocatoria para a matrícula do alumnado da EMM para o curso 2009/10 que di:

### **CONVOCATORIA PARA A MATRÍCULA DO ALUMNADO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA CURSO 2009- 2010**

Segundo os parámetros que establece o Regulamento de Réxime Interior de Centro e unha vez pechado o prazo de admisión de solicitudes de redución de prezo contempladas na ordenanza de prezos correspondente, procédese á formalización da matrícula co seguinte procedemento:

